

“Bosques contra o lume: alianza galega para restaurar o bosque atlántico”

O EQUIPO DÁ UNIVERSIDADE DE VIGO “OBSERVATORIO DÁ GOBERNANZA” ACADA UN PREACORDO PARA COLABORAR CO CONCELLO DE CORCUBIÓN E A ASOCIACIÓN BOCA DO SAPO PARA A CREACIÓN DUN BOSQUE DE FRONDOSAS DE 16 HECTÁREAS



Investigadores, administración local e voluntariado colaboran nun proxecto de renaturalización que busca recuperar especies autóctonas, fomentar a biodiversidade e frear a expansión de incendios.

Na xornada de onte reuníronse membros do equipo de

investigación da Universidade de Vigo “Observatorio da Gobernanza G3”, no marco da liña de traballo impulsada polo seu investigador e secretario, Óscar Briones, para ampliar os espazos naturais incluídos no proxecto de cooperación social e local “Rede galega de Bosques Atlánticos.

Os contactos previos parecen dar froito e, aínda que será necesaria a súa formalización e aprobación nos órganos de representación correspondentes, o acordo entre as partes é practicamente total. Trátase dun convenio de colaboración co obxectivo de renaturalizar unha parcela de titularidade municipal, actualmente en pleno proceso de deseucaliptización, para dar paso a un bosque atlántico de frondosas.

Con esta iniciativa —que aúna esforzos desde o Salnés ata Corcubión— ponse en práctica un modelo de xestión que, de abaixo arriba, e do local ao global, busca preservar os espazos naturais no seu estado orixinario. Súmase este proxecto a outros xa formalizados en Vilagarcía e Vilanova de Arousa onde o avance da deforestación parece imparable polo cambio a uso agrario con monocultivos de viñedo ou aguacate entre outros, o monocultivo forestal extractivo de eucalipto ou a proliferación de campings, glampings e aloxamentos turísticos tamén nas zonas de bosque.

O bosque atlántico de frondosas, no que destacan especies como o carballo, o ameneiro, o bidueiro ou o castiñeiro, ofrece numerosos beneficios ambientais: maior capacidade de retención de CO₂, mellora do benestar das comunidades que habitan na súa contorna, fomento da biodiversidade e, especialmente na actualidade, unha maior resistencia fronte aos grandes incendios forestais, ao estar composto por especies non pirófitas que non se consideran transmisores do lume. Este último aspecto é clave nun contexto marcado polos efectos do cambio climático.

Ademais, para a cidadanía, estas contornas proporcionan o que hoxe se denomina “servizos ecosistémicos”, isto é, que máis aló da súa fauna e flora autóctonas, constitúen un ben común para o conxunto da poboación en forma de deporte, sendeirismo ou mera observación da natureza; ademais de constituír un atractivo turístico con visión ambiental, sostible e dando prioridade á tranquilidade do bosque e os seus habitantes.

Ou concepto ademáis do “bosque antigo ou maduro”, moi utilizado noutros países europeos e mesmo noutras partes de España parte de entender que deixar un bosque sen explotar intensivamente, respectando vos ciclos naturais, xera enormes beneficios en forma de aumento da biodiversidade, como acelerador da vexetación e retención ás choivas torrenciais, pero tamén -como se ten demostrado cientificamente- na captura de CO₂ e mitigación do cambio climático.

Ou equipo da Uvigo agradece a acollida das propostas de preservación e a sensibilidade amosada polo Concello de Corcubión lembrando para quen queira saber máis dous proxectos da rede, a páxina web do proxecto: <https://redebosquesatlanticos.com>. Prestándose ou equipo da Uvigo a ofrecer sesións explicativas do proxecto a quen o precise.

Finalmente cabe lembrar que a recuperación do bosque non sae do orzamento ordinario do Concello, senon do propio rendemento xerado polo bosque, non afectando polo tanto ás arcas municipais. Ademáis, para vos traballos de mantemento supervisados polo equipo da Universidade de Vigo, contarase co criterio e as mans do voluntariado que a Asociación Boca do Sapo mobilizará mesmo sumando capacidades doutras organizacións afeitas a traballar neste tipo de restauracións ecolóxicas.

O obxectivo finalista das distintas organizacións en cooperación é crear un espazo natural permanente, co fomento da biodiversidade, de escasa necesidade de mantemento humano, orixinal e axudado pola cobertura da máxima protección xurídica posible.

